



## Concello de Xermade

### PREGO DE PRESCRICIÓNS TÉCNICAS PARA A SUBMINISTRACIÓN DE EQUIPAMENTO PARA O SERVIZO DE RECOLLIDA DE RESIDUOS SÓLIDOS URBANOS DO CONCELLO DE XERMADE. EXPTE. 715/2024.

#### 1. Obxecto do contrato.

O Concello de Xermade precisa mellorar a contenerización das fraccións selectivas aumentando o número de colectores para a recollida de envases lixeiros e papel-cartón.

Será necesario adquirir 80 unidades de colectores de 800 litros para a recollida selectiva de envases lixeiros, a fin de substituír os existentes que se atopan deteriorados, e instalar colectores novos en zonas nas que a día de hoxe non hai.

O mesmo acontece cos colectores para a recollida selectiva de papel-cartón, dos que carecen tres parroquias (Lousada, Miraz e Piñeiro), e parroquias como Cabreiros ou Burgás só contan cunha unidade, polo que se estima conveniente adquirir 10 unidades. O modelo sería a columna metálica de 3 metros cúbicos.

Asemade, nas instalacións municipais carecemos de papeleiras de reciclaxe, que permitan a recollida separada de envases lixeiros e papel-cartón, polo que propón adquirir 10 unidades de papeleiras de plástico de 2 módulos, cunha capacidade de 60 litros, que se instalarán na Casa do Concello, Biblioteca, Centro de saúde, Casa do Médico e antigas escolas unitarias (Momán, Cabreiros, Roupar, Miraz, Burgás e Cazás).

Por último, considerase conveniente adquirir 5 unidades de papeleiras para exterior, a fin de repoñer as existentes que se atopan deterioradas.

O contrato divídese en 4 lotes. O orzamento de cada un dos lotes é o seguinte:

N.º Lote	Descrición dos lotes	Prezo sen IVE	Unidades	Prezo sen IVE	Prezo con IVE
1	Colectores 800 litros recollida selectiva (envases lixeiros)	150,90€	80	12.072,00€	14.607,12€
2	Columnas metálica 3m <sup>3</sup> recollida selectiva papel-cartón	1.049,00€	10	10.490,00€	12.692,90€
3	Papeleiras recollida selectiva 60 litros 2 módulos	148,00€	10	1.480,00€	1.790,80€
4	Papeleiras exterior polietileno	250,00€	5	1.250,00€	1.512,50€

O custe estimado é de 30.603,32 euros, IVE incluído.

No importe de cada un dos lotes do contrato está incluído o transporte ata o lugar de entrega.

O obxecto do contrato identifícase cos códigos seguintes:

Código CPV	Descrición
1	44613700 contenedores de basura

#### 2. Características técnicas dos produtos a subministrar

##### LOTE 1: Colectores 800 litros recollida selectiva (envases lixeiros)





## Concello de Xermade

---

1º. Fabricados con polietileno de alta densidade, pintado en masa e resistente aos raios UV e aos axentes químicos, ácidos, efecto auga e cambios de temperatura ( $T^a$  entre  $-20\text{ }^{\circ}\text{C}$  e  $60\text{ }^{\circ}\text{C}$ ) e biolóxicos.

2º. Na súa produción utilizaranse materiais reciclábeis que non danan o medio ambiente. Os pigmentos utilizados na súa fabricación non conteñen materiais pesados.

3º. O corpo do contedor realizado dunha soa peza, sen soldaduras nin remaches ofrecendo máxima estanqueidade, sen estruturas metálicas deformables e sen mesturas doutros materiais, que dificulten a súa posterior reciclabilidade ao finalizar a súa vida útil.

4º. A forma da súa parte inferior será redondeada para darlle robustez, cun espesor mínimo de 5 mm do corpo principal, cos cantos redondeados e sen arestas cortantes e na súa parte inferior ou beizo frontal, irá reforzado con escuadras e nervios entrelazados interiormente.

5º. Contarán con 4 rodas xiratorias  $360^{\circ}$  con lamias de polipropileno e cubertas de goma de 200 mm de diámetro, montadas sobre un eixo metálico tratado contra a corrosión. Dispoñerán de freo alomenos en dúas das rodas.

6º. Irán dotados da correspondente drenaxe estanca con tapón roscado ou peche rápido de medio xiro e xunta que garanta a estanquidade do recipiente.

7º. O corpo do contedor irá provisto de catro asas integradas para facilitar a súa manipulación.

8º. A tapa deseñada para unha fácil apertura mediante unha asa ou asidero continuo, ao longo do frontal e ambos os laterais da tapa, para ofrecer ao usuario unha ampla superficie para poder levantar a tapa.

9º. Sistema de elevación DIN.

10º. Os contedores serán de fabricación estándar a efectos de poder ser manipulados por calquera equipo recolector e/ou lavacontenedores de carga traseira.

11º. Os elementos metálicos serán resistentes á corrosión.

12º. Forneceranse personalizados co escudo do Concello, mediante serigrafías ou vinilos.

13º. Serán de cor amarela similar RAL 1021

14º. Dotados de sistema de insonorización integrado na tapa, situado no bordo da mesma, para amortecer o ruído e reducir o nivel sonoro, mediante ballestas, non sendo válidos elementos engadidos.

15º. Tapa ancorada mediante dous eixos plásticos. Bisagra integrada no corpo do contedor, non sendo válidos elementos engadidos ao corpo do contedor, para minimizar o seu mantemento.

16º. 1 ou 2 Bocas circulares (con 200, 250 ou 300 mm de diámetro) con goma na tapa

### DIMENSIÓNS DOS CONTEDORES DE 800L:

- Capacidade: 770 L
- Peso do contedor en baleiro: 39,5 Kg





## Concello de Xermade

---

- Carga nominal: 308 Kg
- Altura máxima (con rodas): 1.302 mm

Os contedores contarán coas seguintes **certificacións**:

- Certificado de homologación de produto emitido por laboratorio acreditado por ENAC ou homólogo europeo segundo norma europea EN 840.
- Marca CE con indicación de nivel sonoro de acordo coa Directiva 2000/14/CE do Parlamento Europeo.
- Contedores fabricados cunha porcentaxe de material reciclado do 50%, como mínimo. Certificado por unha entidade externa certificadora.
- Contedores 100% reciclábeis.

CERTIFICACIÓNS DO PROCESO DE FABRICACIÓN DOS CONTEDORES para FORNECER:

- Certificado de Xestión da calidade, segundo UNE-NISO 9001.
- Certificado de Xestión ambiental, segundo UNE-NISO 14001.
- Certificado de Xestión Enerxética, segundo a norma UNE-NISO 50001:2011.
- Certificación dos estándares de Ecodiseño de produtos, de acordo coa norma UNE-NISO 14006.
- Certificado de Pegada de Carbono, segundo norma ISO 14064 ou GHG Protocol.
- Certificado do programa Operation Clean Sweep (OCS), da Estratexia Europea para plásticos nunha economía circular, para reducir o derrame de microplásticos ao medio ambiente.
- Sello MORE (MONitoring Recyclates for Europe), de monitoraxe do uso de material reciclado.
- Certificado de conformidade co Regulamento Particular de AENOR E09.01 de “Estratexia de sustentabilidade e a súa contribución aos principios de Economía Circular”.
- Certificado do sistema de xestión de Seguridade e Saúde no Traballo, conforme coa norma ISO 45001:2018
- Certificado ISO-37001 de Sistemas de Xestión antisoborno e política anticorrupción.
- Certificado de Sistemas de Xestión da Seguridade da Información, segundo UNE-EN 27001.

### **LOTE 2: Columnas metálica 3m3 recollida selectiva papel-cartón**

1º. Fabricación en chapa de aceiro galvanizado para evitar a oxidación unida mediante soldadura, dun espesor de 1´2 mm; dotado con reforzos de maior espesor, tanto no corpo do contedor como nas portas de descarga.





## Concello de Xermade

---

2º. Fabricación compacta mediante un sistema de unión dos seus compoñentes por soldadura por puntos e cordóns de soldadura, recubertos mediante galvanizado en frío, co fin de evitar a corrosión.

3º. Material e compoñentes contan cun tratamento de protección contra a oxidación.

4º. Para a carga disporá de bocas ou xanelas, do mesmo material que o contedor e de dimensións normalizadas para o uso deste tipo de contedores, trampillas basculantes retornables de apertura fácil. Estas bocas están situadas desde o chan a 1340 mm.

- ↻ Exterior en chapa galvanizada 1.2 mm;
- ↻ Reforzo interior de tiro de 3mm;
- ↻ Ganchos balea de 16 mm. de diámetro;
- ↻ Portas de descarga de 1,8 mm. de espesor;
- ↻ Mecanismo interior: Mediante tubo cadrado e cadeas.
- ↻ Interior soldado, placas de persoalización exteriores remachadas.
- ↻ Recubrimiento exterior con pintura en cores standard.

### LOTE 3: Papeleiras recollida selectiva 60 litros 2 módulos

- Corpo de poliestireno
- Inclúen tapa
- 2 módulos de 60 litros
- Para interior

### LOTE 4: Papeleiras exterior polietileno

- Papeleira fabricada en polietileno de alta densidade cun espesor de 4 mm, con acabado rugoso ou liso e cor negra forxa.
- Resistente aos raios UV, aos axentes químicos e aos impactos.
- Apaga cigarros en aceiro inoxidable.
- Cerraxería en aceiro inoxidable AISI 304.
- Ancoraxe recomendada: Mediante pernos de expansión Ø10 segundo superficie e proxecto.

### 3. Prazo e lugar de entrega

O prazo de entrega de cada un dos lotes será de quince (15) días naturais dende a formalización do contrato. En todo caso, os produtos deben estar entregados o 25/10/2024.





## Concello de Xermade

---

O lugar de entrega será a nave municipal sita no parque empresarial do Concello de Xermade.

O adxudicatario deberá programar a descarga por medios propios, xa sexa con vehículos con plataforma ou outros medios alternativos, maquinaria carretilla elevadora, camión pluma...

O adxudicatario será responsable da descarga e recepción dos materiais incluídos os medios mecánicos para a mesma.

Á entrega, os contedores deberán estar conforme ao establecido no presente prego técnico, podéndose negar o Concello de Xermade á recepción do mesmo se considera non cumprido algún dos aspectos nas especificacións técnicas xerais ou específicas. No devandito caso o adxudicatario asumirá os gastos.

Coa entrega da subministración proporcionarase ao persoal do Concello de Xermade un albarán detallado lexible e perfectamente conformado co realmente fornecido.

### 4. Período de garantía técnica:

O período de garantía dos bens fornecidos será de 24 meses, computado desde a data de entrega ao Concello de Xermade de cada un dos lotes.

4.1 O prazo de garantía será de dous anos nos contedores obxecto de subministración.

Esta garantía empezará a contar desde a firma da acta de recepción da subministración (parcial ou total).

4.2 A garantía haberá de amparar no tempo, o bo rendemento do equipo e os cocientes de funcionamento propios dunha explotación.

4.3 A firma subministradora asumirá integramente durante o período de garantía a responsabilidade do funcionamento de todo os grupos, conxuntos e compoñentes dos contedores aínda cando non sexa o seu fabricante.

4.4 Durante o período de garantía o adxudicatario substituirá, comprendendo os gastos de man de obra e materiais, nun tempo mínimo, as anomalías recoñecidas como defectuosas por vicios materiais, de construción ou de material.

4.5 Se durante o prazo de garantía acreditácese a existencia de vicios ou defectos na subministración, o Concello de Xermade terá dereito a reclamar ao empresario a reposición dos bens inadecuados, a reparación dos mesmos se fose suficiente ao seu xuízo, e mesmo solicitar a recuperación do prezo satisfeito.

### 5. Montaxe do material para fornecer:

No caso que os contedores cheguen despezados e requiren unha montaxe posterior, o Concello de Xermade facilitará aos adxudicatario espazos suficientes para a montaxe dos mesmos nas instalacións debendo cumprir os seguintes requisitos:

O adxudicatario será responsable de manter coa debido orde e limpeza o espazo cedido en todo momento.

O adxudicatario será responsable da descarga e recepción dos materiais incluídos os medios mecánicos para a mesma.





## Concello de Xermade

---

□ O adxudicatario deberá, con carácter previo á recepción e a montaxe de material nas instalacións, poñerse en contacto co Concello de Xermade para formalizar a coordinación empresarial, así como acreditar a capacitación e o cumprimento de todos os requisitos de formación e documentais do persoal e maquinaria necesarios para realizar as tarefas mencionadas.

Xermade, na data da sinatura dixital.

O técnico local de emprego

Ernesto Ares Yáñez

Visto e prace,

O alcalde

Roberto García Pernas

**Dilixencia:**

***Faise constar que o presente prego de prescricións técnicas particulares, que ten un total de 6 páxinas, foi aprobado pola Xunta de Goberno Local o 30/08/2024.***

***Xermade, na data da sinatura dixital.***

***A secretaria-interventora***

***María Cristina Varela García***

